

En Santiago de Compostela con Agustín Fernández Paz

**Blanca-Ana Roig Recheu
Isabel Soto**

En maio de 2008 tivemos ocasión de manter unha demorada conversa con Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), un dos creadores fundamentais da literatura galega contemporánea. Con el falamos dos seus máis de trinta anos dedicados á escrita de obras conscientemente situadas no sistema literario infantil e xuvenil, dos retos de futuro tras abandonar o seu labor profesional como docente, da crítica e dos recoñecementos que recibiu o seu labor e, sobre todo, da súa faceta de lector incansábel e da súa paixón pola lectura.

BLANCA-ANA ROIG RECHOU / ISABEL SOTO (B-ARR / IS). Tes afirmado que a literatura se constrúe cos fíos da vida e mesmo que es un “depredador da realidade”... Na túa obra parece plasmar paisaxes da túa propia memoria. Que hai de ti, da túa infancia, dos fíos da túa vida na túa obra? En todos os teus títulos se agocha algún episodio autobiográfico?

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (AFP). A idea de que a literatura se tece cos fíos da vida paréceme esencial. A vida, en sentido amplo, é o único material que teño á man para artellar os meus libros, todo sae dela. Dende as tramas, que me serven para expresar a miña visión do mundo, até o xeito de escribilos, coa miña experiencia de lector como pano de fondo. Isto, naturalmente, non ten nada que ver con esa asociación que ás veces se fai entre as experiencias da vida persoal e as historias narradas nos libros. Porque esas historias son inventadas, xaora, aínda que se nutran de materiais da miña biografía, metamorfoseados dun xeito máis ou menos intenso no proceso de escritura. Hai, con todo, libros nos que é máis doado intuír as experiencias persoais que os fixeron nacer. Coma tal, Trece anos de Branca, Avenida do Parque, 17 ou diversos relatos d'O único que queda é o amor.

Os anos da infancia teñen unha importancia especial, e non o digo porque unha parte dos libros que escribo se encadre no que, para entendérmonos, chamamos literatura infantil. Rilke escribiu que a patria dunha persoa é a infancia e Pessoa afirmaba que a patria dun escritor era a súa lingua. No meu caso, lingua e infancia lévanme aos meus anos en Vilalba, cando asistín á creación do mundo e fun descubrindo os nomes das cousas, nese proceso marabilloso que ten lugar durante os primeiros anos de vida de calquera persoa.

B-ARR / IS. Tamén tes contado en moitas ocasións como é o teu sistema de traballo, dende que pensas na idea inicial dun relato até que a trasladas, tras unha intensa meditación e un longo traballo, ao ordenador. Como nacen as túas novelas? É para ti un proceso desacougante, obsesivo..?

AFP. Obsesivo, si, pero nel non hai lugar para o desacougo, senón para a excitación que produce a experiencia creativa. O que fai que se poña en marcha o proceso case sempre é un feito da vida cotiá. Non é preciso que sexa un feito extraordinario, o que ten que ser diferente é a mirada coa que o ollas. Moitas veces son experiencias que esqueces ao pouco tempo. Pero hai casos nos que esa experiencia queda no cerebro, aséntase nel e acaba por converterse nunha obsesión que pide saír fóra. Nese momento é cando comprendo que teño diante un posíbel libro, que logo escribirei ou non, porque a vida é moi breve e nin de lonxe podería dispor de tempo para desenvolver todas as teimas que me veñen á cabeza.

Se me decido a escribilo, entón o proceso si que é moi semellante: a creación dunha trama que lle dea vida ao que queres expresar, a progresiva definición dos personaxes, o proceso de documentación, as fichas previas, a escrita do primeiro borrador, as dúbidas que van aparecendo, as sucesivas revisións... Como na vida, sempre é igual e sempre é diferente.

B-ARR / IS. E cando consideras que un texto está rematado, visualizas a súa presentación gráfica? Decides con que ilustrador desexas traballar ou moitas veces debes aceptar imposicións? Como é a túa relación cos ilustradores e ilustradoras ou cos encargados de deseñar a parte gráfica dos teus libros?

AFP. A visualización é inevitábel, o pouso do cine e da banda deseñada é moi poderoso. Pero creo que ten escasa relevancia; o importante é a potencialidade que teña o texto para conectar co mundo persoal do ilustrador.

Eu sempre escribo o texto dun xeito autónomo, sen pensar nada nas posíbeis ilustracións, agás nas contadas ocasións en que escribín algún conto para primeiros lectores; neses casos adoito facer tamén unha especie de guión que lle poida ser de utilidade a quen vaia ilustrar.

Noutros libros meus que teñen ilustracións, ás veces tiven oportunidade de suxerir a persoa coa que desexaba traballar, aínda que adoita ser a editorial quen finalmente decide. Nalgunhas ocasións mantiven unha relación estreita con quen ilustraba, noutras non souben nada até estaren rematadas as ilustracións.

B-ARR / IS. Semella que a literatura é unha presenza constante na túa vida. Na túa obra percíbese, a través da cita explícita ou da referencia implícita, a intertextualidade, e ao tempo a lectura das túas obras sempre supón un intenso reencontro, unha emocionante viaxe pola literatura doutros moitos creadores pertencentes ás máis diversas tradicións. Tamén son obvias outras das túas paixóns: o cine, a música, a arte en xeral. Fálanos un pouco do que opinas ao respecto e, se es quen de elixir, dinos a que creadores non poderías renunciar nunca?

AFP. Pois si, a literatura tivo, e ten, unha presenza grande na miña vida. Tamén o cine e a banda deseñada, dos que non falarei aquí para non alongarme en exceso. Eu son unha bo exemplo da afirmación

de Cunqueiro (“O home precisa, coma quen bebe auga, beber soños”) reiterada hai pouco por Paul Auster (“Necesitamos historias case tanto coma o comer, e sexa cal sexa a forma en que se presenten –na páxina impresa ou na pantalla da televisión- resultaría imposíbel imaxinar a vida sen elas”).

Lémbrome lendo, en todas as etapas da miña vida, nunhas con máis intensidade ca noutras. A escritura é secundaria se a comparamos coa lectura, se algo son é lector. Tiven o defecto, ou a virtude, de que me interesase todo: narración, poesía, ensaio. Aínda que sexa narración o que máis lea, a poesía é o espazo máis sólido, ao que un volve unha e outra vez.

É lóxico que esta experiencia lectora apareza reflectida nos meus libros, moitas veces dun xeito explícito. Nas miñas novelas sempre hai algún personaxe ao que lle apaixona ler. É, digamos, unhas das marcas da casa. Iso váleme para poder falar dos títulos que me gustan e que desexo compartir. E, ao tempo, sérveme para caracterizar mellor os personaxes, pois a sentenza de Borges (“eu son os libros que lin”) tamén é certa para eles.

Os autores que máis me interesaron foron sucedéndose ao longo da miña vida. Entre eles hai nomes dos considerados canónicos e outros que pertencen á chamada literatura de xénero (a novela negra, a literatura de misterio e terror, a ciencia ficción), nunca tiven problema ningún para compaxinar os dous tipos de lecturas. De determinados autores lin obsesivamente todo o que atopaba de e sobre eles: Kafka, Joyce, Lovecraft, Ferrín, Valente, Camus, Rosalía, Chandler, García Márquez, Cunqueiro, Cortázar... Co paso do tempo algúns deixaron de interesarme; outros permanecen nese grupo de autores os que nunca abandonarei. E sempre hai novos nomes que un vai descubriendo cos anos, desde Paul Auster a Wislawa Szymborska, pasando por Manuel Rivas, John Connolly, Bernardo Atxaga ou Ian McEwan. Por sorte para nós, precisaríamos de varias vidas para ler todos os libros extraordinarios que temos ao noso alcance.

B-ARR / IS. E dos autores de LIX? Quen son os teus “clásicos” e a quen segues na actualidade?

AFP. Comecei a ler autores da chamada LIX na década dos setenta, cando algunhas editoriais españolas, como Noguer ou Alfaguara, empezaron a traducir obras que renovaran o panorama europeo tras a guerra mundial. Así puiden ler autores como Gianni Rodari, Roald Dahl, María Gripe, Michael Ende, Astrid Lindgren ou Úrsula Wölfel; dalgún xeito, eles sinaláronme o camiño que logo había seguir cos meus libros.

Tamén están os autores de sempre, que lin por primeira vez na miña infancia e que relín de maior: Verne, Salgari, Stevenson, Poe... Nos seus libros está a raíz da miña afección pola lectura, nunca poderei esquecer a débeda que teño con eles.

Actualmente, non son quen de seguir o que se publica, aínda que hai autores que me interesan especialmente: Aidam Chambers, Marjaleena Lembecke, Jostein Gaarder, Christine Nöstlinger... Tamén me parece de moi alta calidade a obra dalgúns autores da LIX galega e da que se está a desenvolver nas outras linguas de España.

B-ARR / IS. Mesmo en Aire negro, o doutor emprende con Laura Novo unha terapia baseada na lectura de libros cheos de paixón e vitalidade, deses que espertan as ganas de vivir en calquera persoa. Isto repítese noutras obras túas como, por exemplo, en Corredores de sombra, onde os protagonistas intercambian lecturas. Compartes esa idea do poder dos libros e da lectura para cambiar a vida das persoas? Cres no valor terapéutico da lectura e tamén da escrita?

AFP. A literatura ten unha dimensión moi fonda, ademais doutras máis evidentes, pois é capaz de chegar á cerna esencial que nos caracteriza como seres humanos. A complexidade das persoas, a fondura da vida, as grandes preguntas da humanidade, os sentimentos e as emocións... Todo iso está nos libros, por iso creo que teñen a capacidade de cambiarnos a vida, aínda que non saibamos como nin de que xeito.

B-ARR / IS. Comezaches a escribir pasados os 40 anos. Como xurdiu esa necesidade e a que motivos respondeu que te decidises pola literatura dirixida aos máis novos?

AFP. A esa idade comecei a publicar, pero escribía desde moito antes. Facíao en cadernos que hoxe chamariamos diarios de lecturas, e de películas, e pedagóxicos, mais nin se me pasaba pola cabeza publicalos, xa dixen antes que se algo me considero é lector.

Ao de escribir pensando en publicar cheguei un pouco de casualidade. Cadrou que por aqueles anos, a finais dos setenta, foi cando se comezou a introducir de xeito oficial o galego no ensino. Así que comecei escribindo contos para utilizar nas miñas clases, logo pasei a facelos para incluílos en materiais didácticos (os meus primeiros relatos apareceron como lecturas da serie O Noso Galego, que faciamos os do colectivo Avantar) e, finalmente, comecei a publicar dun xeito autónomo. Cadrou que dous dos meus primeiros libros levaron premios de importancia, un no ámbito galego (o Merlín, por As flores radioactivas) e outro no ámbito estatal (o Lazarillo, por Contos por palabras; era a primeira vez que o gañaba un libro escrito nunha lingua que non fose o castelán). Descubrir que os meus libros eran ben recibidos e que tiñan lectores animoume a seguir escribindo. E, aínda que continuei coa escrita de textos teóricos –Ler en galego, Os cómics nas aulas...– e de materiais didácticos, pouco a pouco a ficción foi gañando terreo e adquiriu unha importancia cada vez maior na miña vida.

B-ARR / IS. Algunha vez consideraches a posibilidade de escribir “para” adultos ou pensas que xa o fas?

AFP. Dalgún xeito, creo que xa o fago; varios dos meus libros (Aire negro, O centro do labirinto, O único que queda é o amor, Amor dos quince anos, Marilyn, Cos pés no aire...) poderían estar publicados nalgunha colección da chamada literatura de adultos. Mais é opción miña que estean en coleccións xuvenís; deste xeito chego a un sector do lectorado que me interesa moito, a mocidade; e, se non existisen os prexuízos sociais que hai sobre a LIX, non tería que ter ningún problema en chegar aos lectores adultos. É unha opción coa que me sinto cómodo, non teño intención ningunha de modificala no futuro.

En resumo: síntome moi lonxe do concepto de literatura xuvenil como unha literatura menor. Non escribo os meus libros porque non saiba facer outro tipo de textos, nin creo que a LIX sexa un banzo para poder

pasar logo a outro banzo superior. Hai anos que estou empeñado nunha loita explícita pola dignificación desta literatura; unha loita lenta, pero que nos últimos anos xa ten dado os seus froitos.

Neste sentido, as cousas mudaron algo, aínda que moito menos do que un desexaría. Hai unha década, os escritores de LIX eramos invisíbeis, non existiamos; e, se se falaba de nós, era para facelo dende unha ollada que levaba aparellada unha certa infravaloración. Agora somos parcialmente visíbeis e constátase un cambio de mentalidade, aínda que algunhas olladas de menosprezo sobre a LIX sigan estando aí.

B-ARR / IS. Nun repaso á túa traxectoria é doado identificar unha ampla variedade temática e formal. Con que temas e técnicas te sentes máis cómodo?

AFP. En canto aos temas, non teño ningunha preferencia especial. É certo que ás veces se me encadra como un escritor de misterio, porque as pantasma teñen unha presenza evidente en moitas das miñas historias, pero iso só é porque forman parte da miña realidade infantil, a da Galicia dos anos cincuenta, onde a fronteira entre os vivos e os mortos era moi difusa.

O procedemento de invención que máis me gusta é imaxinar historias que suceden nun contexto realista e nas que, dun modo ou doutro, irrompe un elemento fantástico. Esta presenza do inexplicábel é a que, paradoxalmente, me serve para ensanchar os límites da realidade e falar dun xeito máis verdadeiro dela.

Dende a perspectiva formal, teño preferencia pola utilización de diferentes voces narradoras e pola utilización da primeira persoa. E sempre lle presto moita atención á estrutura dos meus libros, pois creo que é decisiva á hora de artellar a narración.

B-ARR / IS. Escribes tanto para o público infantil como para o xuvenil. Con cal te sentes máis cómodo?

AFP. A verdade é que onde máis cómodo me sinto é cando escribo libros dos que eu chamo “de fronteira”; é dicir, libros que adoitan publicarse en coleccións xuvenís pero que tamén lle poden interesar a un lector adulto. E os que me resultan máis difíciles son as narracións para primeiros lectores, un terreo que non considero nada doado; trátase de textos que teñen que ser formalmente sinxelos e, ao tempo, contar unha historia suxestiva e que reflicta unha visión orixinal do mundo.

B-ARR / IS. O teu mundo narrativo posúe un estilo propio e identificábel. Son esas “marcas da casa”, como ti lles chamas. Pensamos, por exemplo, nesa presenza do sobrenatural, esas forzas espectrais que están fóra da “realidade”, un aspecto fundamental en *Cartas de inverno* ou en *Noite de voraces sombras*, por exemplo; ou tamén na elección da primeira persoa narrativa en moitos dos teus textos; na predilección polos personaxes femininos, no teu especial gusto polos finais abertos... Estás de acordo que son estas as “marcas da casa”. Que outras che gustaría salientar?

AFP. O que me parecería terríbel é que nos meus libros non houbese esas características que os fan recoñecíbeis e os distinguen dos doutros autores. Mellor ou peor, teño un xeito propio de contar as miñas historias que nace da miña forma de entender a vida e a escrita. Recoñezo as “marcas” que citades na

pregunta e non sei ben cales podería engadir, se cadra non teño a perspectiva necesaria para identificalas.

B-ARR / IS. Tras tantos anos dedicado á escrita, hai temas ou tópicos, ou mesmo pasaxes, que se converten en recorrentes, que te perseguen sen que poidas escapar deles? Algunha vez te viches obrigado conscientemente a afastarte desas recorrencias e tirar por outros camiños?

AFP. Se decido escribir unha historia determinada é porque responde ás miñas preocupacións ou ás miñas obsesións. Paréceme inevitábel ter unhas teimas concretas, o que aparece nas miñas novelas responde á visión do mundo que teño, ao tempo e ao lugar no que me tocou vivir. Por iso creo que non tería sentido tentar fuxir diso; para ben ou para mal, ese é o meu mundo. Outra cuestión é que, formalmente, trate de explorar novos camiños, algo ao que sempre hai que estar disposto.

B-ARR / IS. Nos últimos anos teste entregado a “remozar” os teus textos, levando máis alá o concepto de reedición e creando unha categoría nova que non é moi habitual nos escritores actuais. Os teus textos aparecen en novas edicións, actualizadas ou modernizadas e ti reescribes os textos, engades, quitas, pos e o resultado é un texto que conserva o seu espírito inicial pero vai alén del. A que responde este proceso de reescrita? Ten que ver, talvez, cun carácter perfeccionista...?

AFP. Esta obsesión miña por reescribir os textos responde, en parte, a un feito bastante sinxelo. Nos meus primeiros libros eu tiña outra posición diferente ante a escrita, non era a miña ocupación máis relevante, e ademais sabía menos do oficio. Isto cambiou co paso dos anos, o tempo fíxome decatar dos fallos formais do que levaba publicado. De aí o intenso proceso de reescritura, que afectou sobre todo aos libros escritos antes de 1996. Tiven a fortuna de que os editores me permitisen refacelos e creo que o traballo pagou a pena: as novas edicións de *Contos por palabras* ou de *Cartas de inverno*, por poñer dous exemplos, son moito mellores que as orixinais. As historias non cambiaron, e creo que tampouco o espírito dos libros, pero tecnicamente están moito mellor resolto.

Por outra banda, recoñezo esa obsesión perfeccionista. A tentación de reescribir os textos é difícil de resistir, un sempre pensa que os pode mellorar.

B-ARR / IS. Citabamos antes *Cartas de inverno*, que recentemente chegou á súa 20ª edición en galego, un feito pouco habitual no panorama do libro no noso ámbito lingüístico. E esta a obra que máis satisfaccións che ten dado?

AFP. Se penso na aceptación entusiasta dos lectores, *Cartas de inverno* é, sen dúbida, o libro que mellor acollida tivo. Non só en galego, senón tamén en catalán (acaba de aparecer a 17ª edición) ou en castelán (creo que leva 13 edicións). E as cartas ou correos electrónicos que me seguen chegando testemuñan o interese dos lectores. Encántame que esa homenaxe explícita as atmosferas creadas por Lovecraft siga tan viva como cando a escribín.

Malia todo o anterior, non é o libro do que me sinto máis satisfeito, nin moito menos. Prefiro outros títulos, quizais porque neles hai moito máis de min ou porque o proceso da súa escrita me obrigou a enfrontarme a

retos máis complexos. Estou pensando en libros como Corredores de sombra, O centro do labirinto, Aire negro ou O único que queda é o amor.

B-ARR / IS. Os relatos incluídos nunha desas obras que vés de citar, O único que queda é o amor, poderían estar á altura dos doutros escritores destacados das nosas letras, mais, cres que terán o mesmo recoñecemento ao vir dun escritor encadrado na LIX? E como consideras que lle afectará ao libro estar publicado nunha colección sen marcas paratextuais evidentes que o adscriban a un público determinado?

AFP. Non son eu quen debe xulgar a calidade dese libro, só podó dicir que me satisface como quedou. Creo que a opción de publicalo sen ningún tipo de marcas non favorece a súa recepción, pero é unha aposta que tamén pode servir como un indicador de como están as cousas. A recepción crítica foi boa, o libro non pasou desapercibido. E, polo que sei, está a ser lido tanto por persoas adultas como pola mocidade que me adoita ler.

De todos xeitos, os libros “de fronteira” sempre teñen máis complicada a recepción. Con todo, hai títulos que conseguen interesar nos dous ámbitos, como pasou con A historia interminábel ou, máis recentemente, O neno con pixama a raías.

B-ARR / IS. E seguindo un pouco co tema da crítica, seguen existindo prexuízos, ou chamémolas “prevencións”, arredor da literatura infantil e xuvenil e dos seus creadores? Continúa a existir certa consideración de literatura menor?

AFP. Creo que esas prevencións continúan a existir, aínda que cunha intensidade moito menor que hai uns anos. Neste aspecto é moito o que se avanzou, porque partiamos dunha situación que abalaba entre a invisibilidade e os estereotipos que esta sociedade aplica a todo o que leve o cualificativo de “infantil”. Agora, ademais de contarmos con algunhas voces críticas especializadas, xa hai un sector da crítica xeral que se ocupa de nós e que tenta xulgarnos en función das posíbeis calidades do texto, o que non é pouco. Supoño que a situación irá a mellor, aínda que os prexuízos, como ben sabemos, son de natureza moi resistente.

De calquera xeito, o problema principal da crítica hoxe non é ese, senón a falta de espazo nos medios impresos e audiovisuais. Quen nos dese o 10% do espazo que lle dedican ao fútbol! Nadaríamos na abundancia!

B-ARR / IS. Agora es un escritor “consagrado” pero como pensas que se comportou contigo a crítica ao longo da túa traxectoria, sobre todo nos comezos?

AFP. De “consagrado”, nada. Non podó aceptar ese cualificativo, ten connotacións que non me convencen. Por riba, parece indicar que xa se chegou ao final dun camiño, mentres que eu creo que os mellores libros meus aínda están por escribir.

Hai vinte anos, cando comecei a publicar, a LIX non existía para a crítica. Calquera libro de adultos, por

malo que fose, aparecía nos, por outra parte escasos, panoramas anuais da literatura galega. Dos de LIX, fosen bos ou malos, non se falaba. No relatorio “Contra a invisibilidade” (que presentei nunhas xornadas en Salamanca en 1995 e que logo se publicou en CLIJ) explicaba o estado da situación e demandaba esa imprescindible ollada crítica.

Dito isto, teño que aclarar que, sobre todo a partir de 1996, a crítica comezou a reparar no que escribía, case sempre dun xeito positivo. Se cadra o punto de inflexión estivo na novela *O centro do labirinto*, que mesmo tivo recensións en *Grial* e *n’A trabe de Ouro*, algo insólito naquelas datas. Ningún libro meu volveu ter ese recoñecemento, pero hai outros da LIX que si o tiveron.

A ollada da crítica paréceme imprescindible. Non só cumpre un papel esencial no sistema literario; ademais é sempre un estímulo para o escritor, aínda que a valoración recibida sexa negativa. Eu leo as que se escriben sobre os meus libros, xaora, mais teño por norma non comentalas nunca. A liberdade de quen fai a crítica paréceme tan importante como a que eu demando como escritor.

B-ARR / IS. Que pensas cando din de ti que es un clásico contemporáneo?

AFP. Non penso nada, porque non creo que o diga ninguén. E se o din, eu non me recoñezo nesa adscrición. Só acepto o de contemporáneo, xaora, considérome unha persoa do meu tempo.

B-ARR / IS. Lembras algunha crítica “demoledora” sobre algunha das túas obras? Ou algunha que non consideraras digna do lector-opinador que a realizou?

AFP. Demoledora, non; o certo é que a crítica, cando se achegou aos meus libros, case sempre o fixo con interese. Outra cousa é que eu poida estar en desacordo coas opinións expresadas ou, ás veces, considerar que algunhas olladas son superficiais e estereotipadas; pero isto é inevitábel, forma parte das regras do xogo.

O que máis pode lamentar un escritor é que o libro non reciba atención ningunha e pase desapercibido, como adoita sucederme coas novelas dirixidas a un lectorado máis novo (*No corazón do bosque*, *As fadas verdes*, *Un tren cargado de misterios*, *O raio veloz...*). Claro que, como compensación, sempre está a recepción xenerosa dos lectores, nese aspecto considérome moi afortunado.

B-ARR / IS. Se tiveses que destacar uns poucos títulos da túa produción, cales salientarías? Cal dirías que é, de entre todos, o libro máis innovador? E poderías sinalar aquel ao que lle tes máis cariño ou o que significou un paso fundamental na túa traxectoria?

AFP. Creo que algúns dos meus libros foron abertamente innovadores, algúns pola forma e outros pola temática. Paréceme que *Contos por palabras*, *Aire negro*, *Noite de voraces sombras* ou *O meu nome é Skywalker* contribuíron a levar máis alá as fronteiras da LIX galega.

En canto aos que lles teño máis aprecio, non me resulta doado seleccionalos, xa que levo publicados máis de corenta títulos e moitos deles foron, no seu momento, moi importantes para min. Se cadra, ademais dos

xa citados, salientaría Corredores de sombra, O centro do labirinto, No corazón do bosque e, sobre todo, un libro que considero merecedor de mellor fortuna que a que tivo, O laboratorio do doutor Nogueira.

B-ARR / IS. Tes afirmado que es un fiel seguidor dos blogs. Nos últimos tempos semella un formato moi dinámico para difundir contidos e informacións diversas mais tamén opinións sen fundamento, mesmo insultos amparados no anonimato. Que opinas deles?

AFP. É certo que sigo con intensidade o fenómeno dos blogs, paréceme unha ferramenta comunicativa extraordinaria, que mesmo pode funcionar como rede social alternativa á visión do mundo que nos ofrecen os medios de comunicación convencionais. Por outra banda, serviron para facer ver que, contra o que moitos agoireiros prognosticaban, a Rede é un medio eficazísimo para darlle ao galego a visibilidade social que os medios tradicionais lle negan. Recomendo, neste sentido, o contundente artigo de María Yáñez, “A lingua flipa (mil)”, que se pode atopar doadamente na Rede.

Paréceme un privilexio estar ao tanto da ollada sobre a realidade que se nos ofrece dende Brétemas, As uvas na solaina, Días estranhos, Fíos invisibles, A canción do náufrago, Arume dos piñeiros, Si, home, si, Esto es Brooklyn, De paso..., por citar só algúns dos moitos blogs que visito a diario. Que, en contrapartida, haxa que ler algúns comentarios malintencionados ou directamente insultantes, paréceme un prezo ben cativo. Se na sociedade existen persoas que se moven polo rancor ou pola envexa, é normal que aparezan tamén na Rede, que ademais as ampara co anonimato. Mais, insisto, isto paréceme unha miudeza se o comparo coa ferverza de creatividade, rigor e entusiasmo que encerran os blogs.

B-ARR / IS. Un dos teus últimos recoñecementos é esa candidatura ao Premio Astrid Lindgren que outorga o goberno sueco. Como a valoras? E neste sentido, e dado que é un dos galardóns que se resisten a figurar no teu palmarés persoal, que significaría para ti acadar por fin o tan merecido Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil?

AFP. A candidatura ao Premio Astrid Lindgren é un recoñecemento do que non podo máis que alegrarme. Polo nome que leva o premio e pola concepción da LIX que vai aparelada ao nome da escritora sueca.

En canto ao Premio Nacional, a miña opinión é ben sinxela: foron bastantes os anos en que algún libro meu chegou á derradeira votación, e agradezo moito ese recoñecemento reiterado ao meu labor. Agora ben, se ningunha obra miña o acadou sería porque os xurados consideraron máis meritorios os libros doutros colegas. Se algunha vez un dos meus libros ten máis fortuna, pois magnífico; pero non é algo que me quite o sono.

B-ARR / IS. A túa traxectoria como docente é ampla, abrangue máis de trinta anos, e está ateigada de proxectos desenvolvidos con éxito e dunha participación máis que salientábel en todo tipo de iniciativas marcadas pola defensa constante da lectura e tamén pola da lingua galega. Que determinou a túa escolla desa profesión?

AFP. A miña primeira profesión foi a de Perito Industrial, carreira que estudei na Universidade Laboral de

Xixón. Pero tamén me atraía moito o mundo educativo e, ademais, tiña moi presente a frase dun amigo de meu: “Se che gusta tanto ler, se che apetece escribir, como vas desperdiciar a túa vida nunha empresa?”. Así que, tras traballar durante un tempo en Barcelona, decidín darlle un xiro á miña vida e vinme para A Coruña, onde fixen Maxisterio.

Axiña vin que fora a decisión correcta, pois o mundo educativo apaixonábame. Tocoume vivir todo o proceso que supuxo o paso da ditadura a un sistema democrático, traballei intensamente con outros mestres e mestras que queríamos cambiar o mundo desde as aulas. Fixen Ciencias da Educación, escribín, experimentei... A docencia foi o centro da miña vida durante moitos anos. E foi a través da miña profesión de mestre como descubrín os grandes autores da LIX que, dalgún xeito, me marcaron o camiño que logo acabaría percorrendo como escritor.

B-ARR / IS. A educación en xeral e o papel da lectura nas aulas son cuestións que parecen estar sempre sometidas a debate, na procura da receita máis axeitada, a medicións permanentes... Dende a túa experiencia, como valoras o que está acontecendo e cales pensas que son os retos de cara ao futuro? A lectura debe ser unha finalidade en si mesma ou un instrumento ao servizo dos contidos curriculares? Existen receitas máxicas para espertar o gusto pola lectura? Poderíase vivir sen ela ou converterse no reduto dunha minoría?

AFP. É difícil contestar unha pregunta tan ampla, estas cuestións esixirían unha conversa monográfica para elas soas. Coma tal, abordar o papel que cumpre o sistema educativo na actualidade: se está contribuindo a corrixir as desigualdades sociais ou se está organizado para lexitimar e reforzar esas desigualdades de partida.

Mais, centrándome só na lectura, considero que é unha capacidade imprescindible para as persoas que vivimos na sociedade actual. Unha sociedade democrática só é posíbel cunha cidadanía crítica, con capacidade para se expresar e defender as súas propias ideas; a lectura é un dos factores necesarios para que iso sexa posíbel. Claro que hai o perigo doutros modelos de sociedade, onde a lectura estea reservada ás minorías dirixentes e a cidadanía sexa submisa e manipulábel, ao estilo da que Ray Bradbury imaxinou en Fahrenheit 451 ou Orwell en 1984. Por algo o primeiro que fan as ditaduras é queimar ou prohibir libros, porque temen todo o potencial que gardan.

Vivimos nunha sociedade que experimentou unha profunda transformación. Nunca se leu tanto como agora, o nivel educativo da poboación é moi superior ao de hai poucas décadas, cando a maioría non pasaba dos estudos primarios e só unhas minorías tiñan acceso ao saber. Hoxe, ademais da extensión da escolarización, as TICs xeran novos espazos para a lectura, e de aí xorde a necesidade de desenvolver capacidades novas en relación con Internet, imprescindible xa para o acceso aos contidos instrumentais. Nun plano máis profundo, ademais do pracer estético, a lectura, sobre todo a literaria, é imprescindible para coñecérmonos mellor e para entender cómo é a sociedade en que vivimos, así como a complexidade da vida e das relacións interpersoais.

E si, claro que hai vías para despertar o pracer de ler, procedementos que xa teñen máis que probada a súa eficacia: neste eido xa está case todo inventado, non hai máis que trasladalo á práctica. Outra cousa é que as políticas públicas sexan insuficientes ou que os valores que de verdade promociona esta sociedade vaian por outros camiños.

B-ARR / IS. Que opinas da formación dos mediadores na actualidade? Consideras un aspecto básico a educación literaria para poder levar a cabo con rigor o labor de mediador?

AFP. A competencia lectora só se adquire a través dun longo proceso, con moitas etapas intermedias. Ninguén nace lector (tampouco non lector, ollo), pero todos nacemos coa capacidade de desenvolver ao máximo a nosa competencia lectora. Que se desenvolva ou non, depende dos contextos familiares, educativos e sociais onde nos eduquemos. A cuestión é así de sinxela.

De aí que a formación dos mediadores sexa un factor fundamental, aínda que non o único. Tense avanzado moito ao longo dos últimos anos, mais é enorme o camiño que queda por percorrer. Os mediadores precisan dunha educación literaria, xaora, pero aínda precisan máis do que é a pedra angular na promoción da lectura: crer verdadeiramente na importancia que para as persoas ten a lectura e ser quen de transmitir ese entusiasmo.

B-ARR / IS. Pode ser útil a prescrición das mesmas lecturas para todos os alumnos e alumnas das clases? Que criterios tes manexado á hora de elaborar as túas recomendacións, as túas seleccións propias?

AFP. Como os alumnos e alumnas traen á aula gustos e motivacións diferentes, o que me parece adecuado é proporcionar unha variada proposta de lectura, para que cada alumno encontre libros axeitados ao seu nivel de competencia literaria e outros que lle abran perspectivas novas e complexas. Ou sexa, defendo a elaboración dun “menú” que sirva para atender a diversidade de intereses e niveis que conviven en cada clase e para estimular que o alumnado se enfrente a novos retos formais e temáticos.

Isto non exclúe a posíbel prescrición dalgún título concreto, que é a opción axeitada cando se quere traballar un conxunto de cuestións –temáticas, formais, creativas– a partir da lectura dese título determinado (sempre poño de exemplo o magnífico abano de propostas que Víctor Moreno desenvolve en *El deseo de leer* a partir d’A illa do doutor Moreau, de H. G. Wells). Creo que unha suxestiva selección de libros para fomentar a lectura e desenvolver a competencia literaria, e algún título concreto para traballar determinadas cuestións pode ser un programa axeitado.

B-ARR / IS. Nun mundo envolvido nas reflexións arredor do global e do local e desde a túa experiencia de escritor con camiño aberto nas linguas peninsulares e internacionais, como valoras o concepto de “periferia”, cando en ocasións se alude á túa pertenza a un “sistema periférico” ou a formar parte da nómina de creadores que utilizan unha lingua minorizada?

AFP. Un escritor nunca é periférico, o centro do mundo sempre está na súa mesa de traballo. O proceso de creación non sabe de periferias, do mesmo xeito que a lingua que un usa sempre é a ferramenta idónea,

malia os problemas sociolingüísticos que poida ter. Cando menos en teoría, a situación xeográfica ou lingüística non ten por que incidir no proceso de creación. E moito menos neste tempo de Internet, onde fican moi cuestionados os conceptos de centro e periferia na comunicación. Se eu escribo en inglés nunha illa perdida do Pacífico é o mesmo que se o fixese nunha oficina de Londres, sempre que teña canles axeitados para me comunicar co meu axente.

Onde está o problema, que existe e é moi serio, é nas cuestións políticas, nas relacións económicas e de poder. Escribir nunha lingua minorizada, pertencer a unha cultura minorizada, supón graves problemas de visibilidade, tanto na sociedade á que pertences (e penso agora nos libros galegos en Galicia, confinados coma nunha reserva india en boa parte das librarías, ou no tratamento subordinado que reciben nos medios de comunicación, ou no mantra de que somos unha literatura subvencionada) como na posibilidade de ser traducido a outras linguas e chegar así a outros potenciais lectores doutros países do mundo. Así que a cuestión é política, e son as medidas de política cultural as que poden axudar a solucionarla.

B-ARR / IS. Nas túas obras revelas claramente os teus posicionamentos ideolóxicos en relación coa lingua, a cultura, as cuestións sociais... Por exemplo, n'O centro do labirinto defendías a diversidade lingüística e cultural do mundo fronte á agresión que propicia a globalización neoliberal; n'O meu nome é Skywalker concédeslle protagonismo a cuestións sociais; n'O Raio Veloz preséntase case unha filosofía vital; en Noite de voraces sombras posiciónaste sobre a memoria histórica... Neste sentido, tenche acaído moitas ocasións o cualificativo de "escritor ideolóxico". Que pensas ao respecto deste cualificativo?

AFP. Todas as obras de creación teñen unha forte carga ideolóxica, as miñas e as doutros escritores, porque todas reflicten unha visión do mundo e da sociedade. A min aplícaseme ese cualificativo porque, en bastantes dos meus libros, abordo cuestións sociais desde unha perspectiva transformadora.

A min non me molesta, sempre que se aclare o anterior. Porque, por un momento, pensemos nos libros aos que non se lles asigna ese cualificativo. Por exemplo, pensemos na clásica historia, que pode servirmos de paradigma, na que a Mamá Rata está na casa (unha casa coma as das películas americanas de Doris Day), toda relaxada, co seu mantelo, e decide facerlles unha torta no forno aos seus ratiños. E logo chega Papá Rato da oficina, coa gravata e a carteira ateigada de papeis, e saúda a súa agarimosa dona e os fillos, e todos xuntos comen a torta que a esposa preparou. Que tenro! Pero ese texto e esas ilustracións están enchoupadas dunha ideoloxía que defende uns valores dunha clase moi concreta. O que pasa é que cando esa ideoloxía coincide coa dominante vólvese transparente, semella non existir. Qué sorte, que si se note nos meus libros.

B-ARR / IS. Tendo en conta que es un escritor atento ao teu contorno máis próximo, como encontras o panorama máis recente da literatura galega? Que cousas espertan en ti o optimismo, a alegría, e que outras levan ao desánimo?

AFP. A literatura galega ten unha vitalidade envexábel, sobre todo se temos en conta o contexto cultural e lingüístico en que se desenvolve: hai autores de referencia, obras de calidade, valores novos, explóranse

novos camiños... E cada ano publícase algún libro excelente, outros mediocres e unha maioría de títulos de calidade media. Ou sexa, como en calquera das literaturas europeas. Se esta ollada a fixásemos só na LIX, entón tería que ser aínda máis positivo, porque me parece evidente que é un sector con moita puxanza.

Ao desánimo non me leva nada. Agora ben, hai problemas que me preocupan moito, case todos derivados da situación social que viven a lingua e a cultura galegas. Hai un sector amplo da sociedade que non le (e iso sinala unhas carencias na política cultural e educativa que veñen de lonxe) e no sector que le hai unha boa porcentaxe que nunca o fai en galego, por descoñecemento da oferta, ou por prexuízos, ou por unha alfabetización en galego insuficiente. Ou quizais pola invisibilidade do libro galego, nos medios e nas librarías, como antes dixen. Nalgunhas das grandes librarías urbanas mercar un determinado título en galego pode converterse nunha aventura digna de Indiana Jones.

B-ARR / IS. Como lector, cal sería o teu canon de clásicos?

AFP. O meu canon é, en boa medida, cambiante; ou, mellor, acumulativo: a carón de libros que me pareceron extraordinarios no seu momento van colocándose outros que descubrín ao longo dos anos. Máis que de títulos concretos, eu falaría do que para min teñen en común, iso que precisamente os fai clásicos.

Para min sono os que teñen vida, é dicir, aqueles que posúen a capacidade de suscitar na persoa que os le unha ollada nova, diferente, sobre a sociedade e as persoas. Ou sexa, cando provocan unha mutación, aínda que sexa pequena, tanto no sistema ao que pertencen (xa non se pode escribir coma se ese libro non existise) coma nas persoas que o len (xa non é posible ollar a realidade do mesmo xeito que antes de lelo).

En canto a nomes concretos, unha boa parte dos autores que me gustan xa quedou citada anteriormente.

B-ARR / IS. Fálanos dos teus próximos proxectos para o futuro, agora que decidiches abandonar o ensino para dedicarte e entregarte por completo á túa faceta de escritor...

AFP. Pretendo contar algunhas historias máis, que é o que sei facer medianamente ben; escribir libros dos que poida sentirme satisfeito, libros nos que a distancia entre a realidade e o desexo sexa cada vez menor. Os proxectos concretos irán vindo aos poucos, gustaríame explorar novos camiños a través deles, aínda que sei que ha ser inevitábel seguirilles dando voltas ás miñas teimas. Agora mesmo teño dous posíbeis libros bastante pensados, pero non comecei o proceso de escritura, así que será mellor non comentar nada. Xa veremos o que dá de si o tempo.

Blanca-Ana Roig Recheu

Isabel Soto

Universidade de Santiago de Compostela